



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
URBANO LUGRÍS



Avda de Arteixo 128
15007 A Coruña
881960715
ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris/>

Programación do módulo de Proxecto

Curso: 2022-2023



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Índice

1	Identificación da programación	3
1.1	Centro educativo.....	3
1.2	Ciclo formativo.....	3
1.3	Módulo profesional.....	3
1.4	Profesorado responsable.....	3
2	Condicións do proxecto.....	3
2.1	Especificacións sobre as características e o alcance do traballo.....	3
2.2	Titoría.	4
2.3	Proposta.	4
2.4	Seguimento do proxecto.....	4
2.5	Criterios de avaliación.....	5
2.6	Tribunal.....	5
2.7	Convocatoria e defensa.....	5
2.8	Acta de avaliación final.....	5
3	Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación	6
3.1	Criterios de avaliación: Formato de presentación da documentación (20%).....	6
3.2	Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado. Contidos: (50%).....	7
3.3	Criterios de avaliación: Exposición do informe final de traballo (30%).....	7
4	Procedemento para a recuperación das partes non superadas.....	8





1 Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005269	IES Urbano Lugo	A Coruña	2022-2023

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	SELE02	Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos	Superior	Ordinario

1.3 Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Curso	Horas anuais
MP0558	Módulo de proxecto	2º	26

1.4 Profesorado responsable

Elaboración e coordinación	Marta Armesto Fernández (2º STI A) Daniel Rios Suárez (2º STI B y 2º STI C)
-----------------------------------	--

2 Condicións do proxecto

2.1 Especificacións sobre as características e o alcance do traballo

O proxecto deberá integrar de xeito efectivo os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.



2.2 Titoría.

- Logo de realizada a sesión de avaliación parcial ou final de proposta de acceso á realización do módulo de Formación en centros de traballo, e antes da incorporación a el, o profesor ou a profesora responsables do módulo de Proxecto asignarán ao alumnado que estea en disposición de cursar o módulo un profesor titor do proxecto.
- O profesor titor terá atribución docente no módulo de Proxecto, e preferentemente estará a impartir docencia no segundo curso do ciclo formativo.

2.3 Proposta.

- O profesor titor propón un traballo ao seu alumno. Non obstante, os alumnos poderán propoñer un traballo de carácter globalizador que considere as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título. Definirase consonte as características da actividade laboral do ámbito do ciclo formativo e con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. O profesor titor terá potestade para aceptar a proposta do alumno ou proporlle outra que ao seu criterio se adapte mellor.
- O traballo do alumno ou alumna pode ser de forma individual ou en grupo se o profesor titor así o establece. No caso de traballo en grupo, cada membro do grupo entregará un proxecto, pero a presentación será conxunta coa participación de todos.
- Deste xeito o profesor titor elaborará unha proposta que indique:
 - Especificación detallada do conxunto do traballo que se vaia realizar.
 - Indicación expresa das actividades que se deban traballar de forma individual ou en grupo.
 - Indicación expresa das actividades que se deban traballar de forma presencial ou a distancia.

2.4 Seguimento do proxecto.

- O profesor titor e o alumno acordarán a proposta de traballo e establecerán un calendario de seguimento no cal se definan:
 - Vías de comunicación entre o profesor e o alumno.
 - Actividades de titoría e seguimento presenciais e non presenciais.
 - Calendario de entregas parciais e final¹, e o formato de entrega.
 - Data de ensaio da presentación.

1 A entrega final do proxecto deberá facerse a lo menos unha semana antes da defensa do mesmo perante o tribunal.



2.5 Criterios de avaliación.

- A avaliación realizarase de xeito individual para cada alumno ou alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación que se indican no currículo correspondente do módulo.
- Os criterios de avaliación clasifícanse en tres apartados.
 - Formato de presentación da documentación (20%).
 - Exposición do informe final de traballo (30%).
 - Contidos (50%).
- Cada membro do tribunal emitirá unha cualificación sobre cada apartado, obténdose a media delas en cada caso.
- A cualificación final será a suma das medias dos diversos apartados sen cifra decimal. A cualificación do proxecto é numérica e enteira.

2.6 Tribunal.

- O tribunal estará formado por todo o equipo docente do ciclo, tanto de primeiro coma de segundo.
- O tribunal será o responsable de poñer a nota do proxecto segundo os criterios de avaliación.

2.7 Convocatoria e defensa.

- Para a defensa do proxecto o alumnado ten dúas opcións: presentación e defensa do proxecto de forma presencial ou elaboración dun vídeo presentando o proxecto. Na entrega do proxecto o alumno ou alumna deberá indicar que opción empregará. O alumnado será convocado presencialmente polo profesor ou profesora responsable do módulo de Proxecto para a presentación e a exposición, ante o equipo docente, dos proxectos realizados; ou por medios telemáticos coa finalidade de poder resolver dúbidas sobre o proxecto.
- Para poder ser avaliado: O traballo deberá entregarse unha semana antes da defensa do proxecto perante o tribunal, e no caso de facer a defensa telemática deberá tamén enviarse o vídeo tres días antes da data da convocatoria.



2.8 Acta de avaliación final.

- O profesor ou a profesora responsables do módulo encargaranse de asinar as actas de avaliación finais coas cualificacións obtidas por cada alumno ou alumna, de acordo coa valoración efectuada polo equipo docente.

3 Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Entrega do proxecto en tempo: A entrega **fóra de prazo** non permite os membros do tribunal podan cualificar o proxecto, polo que a non entrega en tempo implicará un **1 na avaliación**.
- Documentación do proxecto con detección de **plaxio**: implicará unha cualificación de **1 na avaliación**.
- Os criterios de avaliación clasifícanse en tres apartados.
 - Formato de presentación da documentación (20%).
 - Exposición do informe final de traballo (30%).
 - Contidos (50%).
- Cada membro do tribunal emitirá unha cualificación sobre cada apartado, obténdose a media delas en cada caso.
- A cualificación final será a suma das medias dos diversos apartados sen cifra decimal. A cualificación do proxecto é numérica e enteira.

3.1 Criterios de avaliación: Formato de presentación da documentación (20%).

- **5%** - Os proxectos deberán realizarse conforme a norma UNE 157001 “Criterios xerais para a elaboración formal dos documentos que constitúen un proxecto técnico”.
- **5%** - Os proxectos deben estar redactados de forma que poidan ser interpretados correctamente, de maneira concisa, concreta e con suficiente amplitude e detalle para que queden determinados todos os aspectos que interesan ao destinatario do mesmo, de tal forma que quen deba desenvolverlo ou materializalo poida facelo sen necesidade de solicitar aclaracións ao autor, sen as cales non sexa posible a súa correcta interpretación. Requírese unha linguaxe clara, preciso, libre de vaguidades e termos ambiguos, coherente coa terminoloxía empregada nos diferentes capítulos e apartados dos diferentes documentos do



proxecto e cunha mínima calidade literaria. A primeira vez que se utilice un acrónimo ou abreviatura no texto débese presentar entre paréntese e a continuación da palabra ou texto completo ao que en diante substituirá. O uso da forma “debe” indica requisitos obrigatorios. Todo Proxecto debe ter un título que o identifique de forma clara e inequívoca. O Proxecto debe constar da seguinte estrutura documental: Índice, Memoria, Planos, Prego de condicións, Medicións, Orzamento, Anexos.

- Tipo de letra: Arial tamaño 12.
- Aliñación: xustificada en ambos os dous lados.
- Espazado: 1,5 liñas.
- Marxes: Esquerdo: 25 mm; Dereito: 20 mm; Superior: 25 mm; Inferior: 25 mm.
- **5%** - Estes documentos débense ordenar segundo o requirido pola tipoloxía do Proxecto. En función da normativa legal aplicable, dependendo do tipo de Proxecto ou a criterio do profesor titor, cabe a posibilidade de non incluír a totalidade dos mesmos ou de engadir outros.
- **5%** - En todas as páxinas do Proxecto debe figurar o título, código ou referencia de identificación, tipo do documento (“Índice”, “Memoria”, “Anexos”, etc.), número de páxina, número total de páxinas, data. O Proxecto debe iniciarse coa seguinte información: título do proxecto, nome do ciclo, curso 2022/2023, nome do instituto, nome do alumno, nome do profesor titor. A presentación do proxecto efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

3.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado. Contidos: (50%).

- **35%** - Grao de consecución da proposta en relación a amplitude e dificultade do mesmo. dificultade.
- **10%** - Innovación, orixinalidade, actualidade ou alternativamente xustificación da validez do proxecto (relación co traballo desempeñado na empresa ou en módulos do ciclo formativo)
- **5%** - Alternativas presentadas, se procede.

3.3 Criterios de avaliación: Exposición do informe final de traballo (30%).

- **7,5%** - Non exceder o tempo asignado de exposición. O tempo de exposición será de 5 a 10 minutos. Nos proxectos grupais se extenderá de 5 a 8 minutos por membro adicional. O alumnado que non chegue ó tempo mínimo de 5 minutos, terá de nota 1 na avaliación.
- **7,5%** - Material de apoio: presentación, maquetas...
- **7,5%** - Calidade da exposición oral.



- 7,5% - Resolución das respostas ás preguntas expostas polos membros do tribunal.

4 Procedemento para a recuperación das partes non superadas

O alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso, teña pendente exclusivamente o módulo de Proxecto, poderá realizalo en calquera dos períodos establecidos no artigo 6.4 da Orde do 28 de febreiro de 2007 para o módulo de Formación en centros de traballo.